

Nome _____ Data _____



Manteigadas de chocolate

INGREDIENTES

- 125 gramos de manteiga.
- 125 gramos de azucre.
- 150 gramos de fariña.
- 1 culleriña de lévedo.
- 2 ovos.
- 2 culleradas de cacao en po.
- 25 gramos de chocolate negro para fundir.
- Moldes de papel.

PREPARACIÓN

- 1 Funde a manteiga e, cando estea líquida, engádelle un e un os outros ingredientes: o azucre, a fariña, o lévedo, os ovos previamente batidos e o cacao en po.
- 2 Engádelle o chocolate negro fundido e mestúrao ben.
- 3 Fai bólas de pasta e colócaas nos moldes de papel.
- 4 Finalmente, pono todo no forno a 180 °C durante uns 15 minutos.

1 Responde estas preguntas.

- Que explica este texto? _____
- De que tipo de texto se trata?
 Instrutivo. Informativo. Argumentativo. Descritivo.
- Cantas partes ten o texto? _____
- Por que cres que están numerados os pasos? _____

- Cres que é posible realizar esta receita? _____
 Por que? _____

2 Sinala as condicións que ten que cumprir un texto instrutivo.

- Debe ter un léxico preciso.
- As oracións teñen que ser breves e claras.
- As oracións teñen que ser moi longas.
- As oracións teñen que estar ben ordenadas para que se entenda ben o proceso.
- A orde en que se explican as instrucións non importa.
- Na parte da preparación hai que utilizar verbos en imperativo.
- Na parte da preparación hai que utilizar verbos en futuro.

3 Risca os textos que non sexan instrutivos.

Folleto que explica como montar unha bicicleta.

Definicións dun dicionario.

Receita para facer un pastel de queixo.

Comentario sobre unha película da carteleira.

Folleto en que se explica como funciona a consola de xogos.

4 Escribe un texto instrutivo a partir das imaxes. Non esquezas indicar os ingredientes.



PAN CON TOMATE

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Os **adxectivos** son palabras que expresan calidades ou estados das persoas, dos animais ou das cousas. Os adxectivos están no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo a que se refiren.

Os **graos** do adxectivo son tres: positivo, comparativo e superlativo.

1 Arrodea os adxectivos e subliña os substantivos a que se refiren.

- Ana ten unha gata branca e Brais ten un can negro.
- Necesito unhas tesoiras máis grandes ca estas.
- Eu teño os cabelos rizados; ti, en cambio, tes os cabelos lisos.
- Antes estaba un ceo escurísimo, pero agora vai un sol espléndido.



2 Copia algún adxectivo dos que arrodeaches que teña os graos indicados.

Grao positivo

Grao comparativo

Grao superlativo

3 Como están? Escribe un adxectivo referido a cada debuxo.



4 Escribe tres oracións co mesmo adxectivo en grao positivo, comparativo e superlativo.

- _____
- _____
- _____

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Son **palabras homófonas** as que soan igual, aínda que signifiquen cousas distintas. Por exemplo, *beo* (forma verbal do verbo *beir*, emitir o seu son característico as ovellas) e *veo* (tea moi fina usada para cubrir a cabeza ou a cara).

Eu beo:
beee!




1 Subliña, en cada caso, a palabra homófona representada.




bota / vota



baca / vaca



vago / bago



rabo / ravo

2 Escribe o significado das palabras que non subliñaches na actividade anterior. Se o precisas, consulta o dicionario.

- _____
- _____
- _____
- _____


3 Completa cada oración coa palabra axeitada.

- Eu sempre _____ a cociña despois de lavar a louza. (*varro / barro*)
- Meu curmán, o brasileiro, _____ visitarnos mañá. (*ben / vén*)
- Esa ensalada con froita estache moi _____. (*voa / boa*)
- Grazas ao _____ aguantei ben a calor. (*abano / habano*).
- _____, que molesto! Non soporto o ruído desa máquina! (*hai / aí*)

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Son **parónimas** as palabras que teñen unha forma tan parecida que se poden confundir; estes termos posúen significados diferentes. Por exemplo: *cabalgar* e *cabalar*.

**1** Sinala a palabra que corresponde a cada imaxe. serea xamón serena xabón canlón tromba canelón trompa**2** Escribe unha oración coas palabras do exercicio anterior que non sinalaches. Se che fai falta, consulta o dicionario.

- _____
- _____
- _____
- _____

3 Completa cada oración coa palabra axeitada.

- No refuxio había _____ (*previsións / provisións*) para un mes.
- A profesora de Sabela dixo que miña irmá tiña (*actitudes / aptitudes*) _____ para a música.
- O pai ensinoulle a _____ (*profesión / procesión*) de mecánico.
- O medicamento fixo un _____ (*efecto / afecto*) inmediato.
- A canela é unha _____ (*especie / especia*) moi aromática.